XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1.- Que o 30 de abril de 1979 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou a Acordo de clasificar como tal o denominado "DE BECERRAL", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Becerral, parroquia de Rao, Concello de Navia de Suarna. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 173, do martes 31 de xullo do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él, polo que é firme.

2º.- Que o 17 do mes de xullo a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral ese día, acordou a súa vez:

-propoñer a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a sinatura dun Convenio que afectase a 172 Hás., na actualidade rasas, do monte veciñal en man común da sua pertenza e

- autorizar ó seu Presidente para sinatua do Convenio.

3º.- Que en consecuencia, o monte "DE BECERRAL", do Convenio que se propoñe, queda constituido por:

172 Hás. do monte vecial en man común "DE BECERRAL".

4°.- Que o Convenio ten por obxecto a repoboación forestal dos terreos actualmente rasos, a conservación e tratamento selvícola das masas que se creen, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

5°.- Que as superficies actuais do monte "DE BECERRAL", son:

superficie total.	172 Hás.
superficie rasa forestal..	170 "
superficie inforestal.....	2 "

6°.- Que dada a natureza do solo e os desexos da Comunidade propietaria, o monte será repoboado con P. pinaster y P. radiata.

Á vista de todo ísto, propoñemos a V.I.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "DE BECERRAL".
Elenco: 2715059.
Superficie: 172 Hás.
Pertenza: Comunidade de Becerral.
Concello: Navia de Suarna.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo: Plácido Baamonde López.

V°B°

O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRITULTURA, GANDERIA E MONTES.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO

Visto o expediente para a sinatura dun convenio de repoboación forestal entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de veciños de Becerral (parroquia de Rao, concello de Navia de Suarna), propietaria do monte veciñal en man común denominado "DE BECERRAL" de 172 Has. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbeto da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL

Asdo.: María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1°.- Que se aprobe o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "DE BECERRAL".
Elenco: 2715059.
Superficie: 172 Has.
Pertenza. Comunidade de Becerral.
Concello: Navia de Suarna.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre o anticipo: 1% anual.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

C O N V E N I O

N.º	271	5059

En Santiago de Compostela, a dos de Septiembre de mil novecentos noventa e seis.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta. Orde de 13.12.1993.

Da outra, D. OVIDIO GONZALEZ PEREZ, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE BECERRAL", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen perxuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da producción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A repoboación forestal dos terreos susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Becerral, parroquia de Rao, termo municipal de Navia de Suarda, e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE BECERRAL".

Termo municipal: Navia de Suarna. Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Becerral, parroquia de Rao, termo municipal de Navia de Suarna.

Límites:

N.: Monte "DE PREBELLO", 2715816 e rio Rao;

S.: Rio Rao e monte veciñal da Comunidade de Laxo;

L.: Monte veciñal da Comunidade de Laxo e mais monte da Comunidade de Becerral e

O.: Montes veciñais das Comunidades de Aigas e Prebello.

Superficie: 172 (CENTO SETENTA E DUAS) Hàs.

Estado forestal: 170 (CENTO SETENTA) Hàs. rasas forestais e 2 (DUAS) Hàs. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Sen vexetación arbórea: 172 (CENTO SETENTA E DUAS) Hàs.

Servidumes:

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Becerral, parroquia de Rao, termo municipal de Navia de Suarna

que achega ó convenio:

a) Os terreos descritos na cláusula segunda.

b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

6ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente a entidade propietaria do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso á comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinados en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito por representantes autorizados de ámbalas dúas partes, figurando nel certificación do acordo da xunta de comunidade, co quorum regulamentario, no que se designe a persoa autorizada para efectos de sinatura do convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritible no Rexistro da Propiedade.

9ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna na cláusula sexta, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisión patrimoniais e actos xurídicos documentados.

10ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construccións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

11ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster e P. radiata.

12ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións derivadas do seu cumprimento que se susciten.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " BECERRAL ", veciños de Becerral, parroquia de Rao, concello de NAVIA DE SUARNA - Rexistrados co nº 0485 - Data do rexistro 17-11-95.-

2.— Que, así mesmo, figura Don OVIDIO GONZÁLEZ PÉREZ, e Don OVIDIO FERNÁNDEZ DÍAZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6 17-10-99

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 20 de xuño de 199 6.

REGISTRO GENERAL DE MONTES VECIÑALES EN MANO COMÚN SECCIÓN PROVINCIAL LUGO

Don OVIDIO FERNANDEZ DIAZ, Secretario da Comunidade de Becerral, termo municipal de Navia de Suarna.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumprindose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 17 de Xuño de 1.996 estando designado Don OVIDIO GONZALEZ PEREZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Becerral (Navia de Suarna) a dezasete de Xuño de mil novecentos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: Ovidio Gonzàlez Pèrez.

Asdo.: Ovidio Fernàndez Diaz.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

XUNTA DE GALICIA - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL - CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Pola propiedade,

Asdº. Ovidio Gonzàlez Pèrez.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D
O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

Ovidio Fernàndez Diaz.
Ovidio Gonzàlez Pèrez.
Manuel Lombardìa Rodriguez.

En el lugar de Becerral, parroquia de Rao, municipio de Navia de Suarna, siendo las trece horas del dìa 17 de Junio de 1.996, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Becerral, cuya relaciòn figura al margen.

Cumpkièndose la mayorìa que señala la Ley de Galicia 13/1.989, de 10 de Octubre, y conforme con lo acordado por la Asamblea General celebrada en el dìa de hoy, acuerdan a su vez:

1º.9 Proponer a la Consellerìa de Agricultura, Ganderìa e Montes la firma de un Convenio que afecte a 172 Hàs. del monte vecinal en mano comùn de su pertenencia, de las siguientes caracterìsticas:

Nombre: "DE BECERRAL".

Superficie: 172 Hàs.

Limites:

N.- Monte "DE PREBELLO" y Rio Rao;

E.- Rio Rao y monte vecinal de la Comunidad de Laxo;

S.9 Monte vecinal de la Comunidad de Laxo y mas monte de la Comunidad de Becerral y

O.- Montes vecinales de las Comunidades de Aigas y Prebello.

2º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habièndo màs asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

En relación a solicitude de rescisión parcial do convenio do monte "De Becerral" 2715059, presentada en data 27 de xaneiro de 2009, conformo ao acordo da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en data 19 de agosto de 2008, infórmolle o seguinte:

ANTECEDES DE FEITO

1º.- Que con data 30 de abril de 1979, foi clasificado como monte veciñal en man común o monte De Becerral, da pertenza da Comunidade integrada polos veciños do lugar de Becerral, parroquia de Rao, concello de Navia de Suarna.

2º.- Que con data 2 de setembro de 1996 a Consellería de Agricultura, Gandeira e Montes resolveu aprobar o convenio das seguintes características.

Nome: "DE BECERRAL
Elenco: 2715059
Superficie: 172 ha.
Pertenza: Comunidade de Becerral
Concello: Navia de Suarna

3º.- Que de acordo co informe do distrito forestal VII A Fonsagrada-Os Ancares, a superficie a rescindir atópase en parte a matogueira e en parte cunha mestura de, bidueiro, castaño e carballos.

4º.- Que segundo as bases do convenio asinado a Consellería aporta ao convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

5º.- Que o presente convenio asinouse cunha duración de 30 anos mais segundo a cláusula nº 9 do convenio, en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento á Consellería de Medio rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais.

6º.- Que dado que non se realizaron traballos nas 98 has a rescindir, a comunidade de Becerral non ten que aboar cantidade ningunha.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1º.- Que se aprobe a rescisión parcial de 98 ha do convenio "De Becerral" 2715059.

2º.- Que no sucesivo o convenio "De Becerral" 2715059 teña as seguintes características:

Nome do monte:	De Becerral.
Elenco:	2715059
Superficie:	74 ha
Pertenza:	Comunidade de Becerral
Termo municipal:	Navia de Suarna.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2009

O Director Xeral de Montes

XUNTA DE GALICIA - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - DIRECCIÓN XERAL DE MONTES

Tomás Fernández-Couto Juanas

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
ASESORÍA XURÍDICA
18 SET. 2009
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 368

En relación co expediente remitido pola D. X. de Montes e Industrias Forestais relativo a rescisión parcial do Convenio nº 2715059 monte" De Becerral" propiedade de comunidade de veciños lugar de Becerral sito en Rao-Navia de Suarna en Lugo e cunha superficie actual de 172 ha, exprésase como criterio desta asesoría xurídica:

1.- O 30/04/1979, foi clasificado como monte veciñal en man común o monte de Becerral, da pertenza da Comunidade integrada polos veciños do lugar de Becerral, parroquia de Rao, concello de Navia de Suarna.

2-Que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, subscribiu coa citada comunidade con data 02/09/1996 un convenio para a repoboación dos terreos susceptibles dela, que se describen na cláusula 2ª, a conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente etc...

No citado convenio establécese que este terá carácter administrativo e a Consellaría de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento. En canto á súa duración sinálase que o convenio será por un período de 30 anos.Transcorrido este tempo, e se a Consellaría, coa súa participación en beneficios que se consigue na cláusula 6ª cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula 4ª quedará automaticamente extinguido o convenio reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular. En caso

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellaría do saldo pendente.

Segundo o Decreto 318/2009, correspóndelle á consellería de Medio Rural a competencia en materia de montes.

3.- Con data 27/01/2009 Don Manuel González Fernández, en representación da Comunidade de montes veciñais de Becerral solicita a rescisión parcial do convenio, dando cumprimento ao acordado na asemblea do 19/08/2008.

4.- O Servizo de Montes e Industrias Forestais de Lugo no seu informe de data 10/08/2009 salienta que:

- De acordo co informe do distrito forestal VII A Fonsagrada-Os Ancares, a superficie a cancelar atópase en parte a matorral e en parte cunha mistura de abedul, castaño e robles, e propón:
  1. Que se aprobe a cancelación parceial do monte "DE BECERRAL", 2715059
  2. Que as características do novo Convenio, pasen a ser:
     - Nome: "DE BECERRAL"
     - Elenco: 2715059
     - Superficie: 74 ha.
     - Pertenza: Comunidade de Becerral
     - Concello: Navia de Suarna

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

3. Que, dado que non se realizaron traballos na zona na que se propón a cancelación, a Comunidade Becerral non teña que aboar ningunha cantidade.

5.- A Dirección Xeral de Montes formula a seguinte proposta de Resolución no mesmo sentido que o Servicio Provincial de Lugo.

6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de rescisión parcial do convenio nos termos establecidos na indicada proposta, correspóndelle a rescisión ao Sr. Conselleiro

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009

O letrado asesor

XUNTA DE GALICIA ASESORÍA XURÍDICA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Juan José Lois Barcia

SECRETARÍA XERAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.

DIRECCIÓN XERAL DE MONTES

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo de Montes de Lugo,

R E S O L V O:

1º.- Aprobar a rescisión parcial de 98 ha do convenio "De Becerral" 2715059.

2º.- Que no sucesivo o convenio "De Becerral" 2715059 teña as seguintes características:

Nome do monte:	De Becerral.
Elenco:	2715059
Superficie:	74 ha
Pertenza:	Comunidade de Becerral
Termo municipal:	Navia de Suarna.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2009

O CONSELLEIRO

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL * O CONSELLEIRO

Samuel Jesús Juárez Casado